

IV. ENTIDADES LOCAIS

CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 24 DE OUTUBRO POLA QUE SE CONVOCAN AXUDAS Á NATALIDADE OU ADOPCIÓN COA TARXETA “BENVIDO AO PEREIRO”, PARA O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DO PEREIRO DE AGUIAR (REACTIVA PEREIRO IV): MEDIDAS COMPLEMENTARIAS DE APOIO ÁS FAMILIAS. CONVOCATORIA 2024.

Extracto do acordo da Xunta de Goberno Local do 24 de outubro pola que se convocan axudas á natalidade ou adopción coa tarxeta “Benvido ao Pereiro”, para o impulso da actividade económica no termo municipal do Pereiro de Aguiar (Reactiva Pereiro IV): Medidas complementarias de apoio ás familias. Convocatoria 2024.

BDNS(Identif.):793504

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións:

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/793504>)

Primeiro. Beneficiarios

Poderá ser beneficiario/a destas axudas:

- O/a proxenitor/a dun/ha menor nacido/a entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 31 de decembro de 2024.

- O/a adoptante dun/ha menor, sempre que a constitución da adopción teña lugar entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 31 de decembro de 2024.

- O/a titor/a dun/ha menor, sempre que a constitución da tutela se faga entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 31 de decembro de 2024.

En todos os casos é preciso cumprir as seguintes condicións:

- A persoa solicitante ten que figurar empadroad/a no Concello do Pereiro de Aguiar na data da solicitude da axuda e acreditar unha antigüidade no empadramento neste, polo menos, de 1 ano ininterrompido e inmediatamente anterior á data da presentación da solicitude.

- O/a menor que causa o dereito á axuda ten que constar inscrito/a no padrón de habitantes do Concello do Pereiro de Aguiar na data de presentación da solicitude.

Cada neno/a nacido/a, tutelado/a ou adoptado/a dará dereito a unha única axuda a favor da persoa solicitante: proxenitor/a, titor/a ou pai/nai do/a menor.

Segundo. Obxecto

Constitúe o obxecto destas bases a regulación das axudas que o Concello do Pereiro de Aguiar lle outorgará, mediante concorrencia non competitiva, á persoa que durante os anos 2022-2024 teña un fillo ou filla, teña constituída a tutela ou adopción dun neno ou nena, a través do procedemento establecido nos artigos 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



A través do procedemento regulado nestas bases, o Concello do Pereiro de Aguiar concederá axudas polo feito certo do parto/tutela/adopción dun neno/a que tivera ou teña lugar durante os anos 2022-2024.

Terceiro. Bases reguladoras

As bases reguladoras publicaranse na web (<https://pereiro.gal/>) e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello do Pereiro de Aguiar (<https://concellopereiro.sedelectronica.gal/info.0>).

Cuarto. Contía

A axuda terá un importe certo de 250,00 € por neno/a.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes para nenos/as nacidos/as nos anos 2022, 2023 e 2024 poderá presentarse dende o día seguinte ao da publicación destas bases e ata o día 30 de novembro de 2024. No caso de que o nacemento ou constitución da adopción ou tutela que motiva a solicitude tivera lugar entre o día 30 de novembro e o día 31 de decembro, o prazo para presentar a solicitude será ata o día 12 de xaneiro do 2025.

O Pereiro de Aguiar, 24 de outubro de 2024. O alcalde.

Asdo.: Luís Menor Pérez.

R. 3.117

